

PREGUNTAS SOBRE TAXONOMÍA

- Di se as seguintes afirmacións son Verdadeiras ou Falsas (1 pto. Unha resposta errónea anula a unha correcta)
 - As células dos fungos teñen parede celular.
 - A proposta de clasificar os seres vivos en tres Dominios ten como base o estudo do ADN de moitas especies.
 - As hepáticas son organismos eucariotas pluricelulares de nutrición autótrofa.
 - Todos os animais teñen simetría bilateral.
 - Os vasos do floema están formados por células vivas, mentres que os do xilema por células mortas.
 - As plantas carnívoras son propias de medios con pouco nitróxeno asimilable.
 - As plantas parasitas non precisan ter clorofila.
 - Os fentos teñen vasos condutores.
- Os glóbulos vermellos dos mamíferos son células sen núcleo. Son células procariotas ou eucariotas? Razoa a túa resposta. (1 pto)
- Define tres dos seguintes termos: Taxón, Árbore filoxenética, fronde, notocorda, felóxeno, Micorriza. (1.5 puntos)
- Ao mediodía, en épocas de calor, prodúcese o peche dos estomas. Por que cres que ocorre? Que repercusións pode ter respecto á absorción radical?(1pto.)
- Explica as diferencias e semellanzas existentes entre:
 - Vertebrados e cordados
 - Pólipos e medusas
 - Bacterias e cianobacterias.
 - Variedade e raza
- ¿Qué entendemos en bioloxía por especie? Define especie e fai un comentario crítico sobre esa definición.
- Cita tres tipos de vida dos fungos e pon exemplos que poidan resultar beneficiosos ou prexudiciais para os humanos.
- Define: Haploide, Esporófito, cotiledón, taxón, Micorriza, Metamería
- Coloca as especies no lugar da táboa que lles corresponde e completa o cadro: (1 pto)

Canis familiaris – Lamparón (Lapa) – Aurelia aurita (medusa común) – Lura – grilo – Percebe - Anisakis – Escolopendra – Zamburiña - Ácaro – Salamandra – Víbora – Miñoca - Estrela de mar .

ESPECIE	CLASE	PHILUM
	Miriápodos	
	Crustáceos	
	Bivalvos	
	Réptiles	
	Oligoquetos	
	Cefalópodos	
	Insectos	
	Asteroideos	
	Mamíferos	
	Gasterópodos	
	Arácnidos	
	Anfibios	

PREGUNTAS SOBRE TAXONOMÍA

10. Ordena de maior a menor as seguintes categorías taxonómicas:

CLASE – FAMILIA – REINO – PHILUM – XÉNERO – ESPECIE – ORDE

11. Relaciona cada phylum con unha ou varias características. (1 pto)

- | | |
|-----------------|---|
| 1. PORÍFEROS | a) Simetría radiada |
| 2. CELENTÉREOS | b) Corpo brando protexido dunha cuncha calcaria. |
| 3. ANÉLIDOS | c) Corpo cheo de poros |
| 4. MOLUSCOS | d) Notocorda ou vértebras |
| 5. EQUINODERMOS | e) Exoesqueleto de quitina |
| 6. ARTRÓPODOS | f) Cordón nervioso en posición dorsal |
| 7. CORDADOS | g) Tentáculos tapizados de cnidocistos. |
| | h) Un único orificio corporal de entrada e saída. |
| | i) Corpo dividido exterior e interiormente en aneis |
| | j) Pes ambulacrais |